

4. ROTACIÓNS EXTERNAS

As rotacións externas son os **períodos formativos autorizados polo Sergas que se desenvolven en centros ou dispositivos non previstos no programa de formación nin na acreditación outorgada ao centro ou unidade docente.**

A autorización de rotacións externas require:

- Que sexan precisas para **a ampliación de coñecementos ou para a aprendizaxe de técnicas non practicadas** no centro ou unidade e que, segundo o programa de formación, sexan necesarias ou complementarias a este.
- Que se realicen preferentemente en **centros acreditados para a docencia ou en centros nacionais ou estranxeiros de recoñecido prestixio.**
- Nas especialidades de catro ou máis anos de duración, que non supere os **catro meses continuados** dentro de cada período de avaliación anual nin os 12 meses no conxunto do período formativo da especialidade de que se trate.
- Nas especialidades de un, dous ou tres anos de duración, que non supere os **dous, catro ou sete meses**, respectivamente, no conxunto do período formativo da especialidade de que se trate.
- Que a xerencia do centro de orixe se comprometa expresamente a **continuar aboando ao residente a totalidade das súas retribucións**, incluídas as derivadas da atención continuada que realice durante a rotación externa.
- Que **a comisión de docencia de destino manifieste expresamente a súa conformidade**, a cuxos efectos se terán en conta as posibilidades docentes do dispositivo onde se realice a rotación.
- Non se tramitarán nin autorizarán rotacións externas no primeiro ano de formación, **agás en especialidades de 1 ou 2 anos de duración.**

Documentación que se debe presentar:

1. **Instancia do residente** solicitando a rotación, indicando as datas e o centro e/ou unidade onde se vai realizar.
2. **Informe motivado do titor**, coa conformidade do xefe de servizo onde estea situada a unidade docente, especificando os obxectivos da rotación e xustificando a elección do centro e/ou unidade para realizala.
3. **Informe favorable da Comisión de Docencia.**
4. **Compromiso expreso do xerente de continuar aboando ao residente** a totalidade das retribucións, incluídas as derivadas da atención continuada.
5. **Informe de aceptación do centro de destino** refrendado pola Comisión de Docencia (se existe).

As solicitudes **presentaranse perante o Servizo Galego de Saúde, con dous meses de antelación** ao inicio da rotación, para a súa autorización.